

SAIDA AO XURÉS 26-27-28 DE XUÑO

O parque do Xurés, declarado pola Unesco Reserva Mundial da Biosfera (26/05/2009)

O parque natural Peneda Xurés, que engloba 33.000 hectáreas entre Galicia e Portugal, foi declarado Reserva da Biosfera segundo a resolución aprobada polo Consello Internacional de Coordinación do Programa MaB da UNESCO.

PROGRAMA:

- Venres 26:

Chegada ás instalacións do albergue na área recreativa do Corgo no Concello de Muíños, ao pé do encoro das Conchas, na provincia de Ourense pola tarde, entrada e reparto de habitacións.

(Para chegar hai que pasar Ourense polas distintas autovías polas que se veña e despois coller a estrada N-540 a Portugal, pasar Celanova, Bande e seguir dirección Portugal e despois coller a desviación a esquerda para o concello de Muíños).

Máis información na páxina do concello de Muíños <http://www.concellomuinos.com/>)

- Cea: 21:00 horas.

- Sábado 27:

- Almorzo: 9:00 horas
- Ruta guiada
- Xantar
- Tarde libre no encoro no que se poden realizar actividades acuáticas.
- Cea: 21: 00 h.

- Domingo 28:

- Almorzo: 9:00 h.
- Ruta guiada
- Xantar: 14:00 h.
- Fin da saída: A tarde do domingo tamén se pode aproveitar na área recreativa.

Recomendacións para ver pola vosa conta:

- 1.- Raza de vacas cachenas (autóctonas desta zona, na parroquia de Olelas hai unha grande cabana gandeira).
- 2.- Non deixar de probar o queixo de cabra do Xurés e o Ecomuseo na aldea de Vilameá de Riocaldo (605080015).
- 3.- O pobo da Cela, onde as casas están introducidas dentro dos penedos.
- 4.- tampouco estaría mal unha visita a Portugal, máis a fin de semana pode non dar para tanto.